POÑENDO EN MARCHA A NOSA MÁQUINA DO TEMPO MOLONA

O día 14 de Abril puxemos en marcha o novo trimestre intentando arrancar a nosa máquina do tempo para viaxar a Mesopotamia e Exipto. Alí imos a descubrir como nacen as primeiras civilizacións ao carón de urbes, algo nunca visto ata entón.

Como primeira tarefa tiñades que localizar no espazo e tempo ámbalas dúas civilizacións, como xa vos dixen de xeito individual, a maioría acertastedes perfectamente e xa tendes a máquina arrancada. Agora só nos falta meter os datos do lugar concreto onde queremos viaxar e listo.

Imos, antes de nada, ver o resultado das nosas averiguacións:

Primeiro de nada queríamos localizar nun mapa estas dúas civilizacións. Pois velaiquí as temos.
Seguidamente, queriamos saber que países actuais ocupaban as mesmas, como a maioría de vós senalastedes, son:

- Exipto: Comprendía os **actuales países** de **Exipto**, Etiopía, Sudán e Eritrea.
- Mesopotamia:

Atopábase situada no que hoxe coñecemos como Oriente Próximo, ocupando parte de Irak, Turquía e Siria, entre os ríos Tigris e Éufrates

O último paso era coñecer cando aparecía e acababa cada civilización, aquí vos deixo unha liña do tempo onde podemos ver perfectamente as respostas que precisábamos:



(Fonte imaxes: VicensVives)